

Marzo 1996

COLEXIO PÚBLICO DE BUEU

O CANDIL

SUPLEMENTO DEDICADO Ó ESCRITOR DARÍO XOHÁN CABANA



DARÍO XOHÁN CABANA

POETA-NOVELISTA-TRADUCTOR...

Por fin hoxe témola oportunidade de render unha pequena homenaxe de agradecemento a **Darío Xohán Cabana Yáñez** polas horas de ledicia e reencontro coa maxia da linguaxe e da realidade preta do sentir galego.

Os alumnos e mestres do colexio Público de Bueu resumimos neste pequeno exemplar da nosa revista o que quixeramos fose un estudio máis reflexivo e profundo e que, a premura de tempo e espazo, obríganos a pasar, con maior ou menor acerto, pero coas mellores intencións, unha ollada polo persoeiro e a súa obra.

Hai poucos días celebrou o seu corenta e catro aniversario que cremos se lembraría con nostalxia da súa labrega casa materna -a Casa de Inés- na aldea de Roás, na Terra Cha luguesa.

Foi en Lugo onde cursou os estudos de Bacharelato no Instituto N. de Ensinanza Media, ambiente no que comezou a xermolar a súa inquietude poético-literaria, posiblemente estimuladas naquelas aulas polo coñecido profesor Xesús Alonso Montero e pola competencia amigable de compañeiros de estudos, como Rodríguez Barrio e outros.

Ó longo do tempo desempeñou diversos traballos polos pobos de Galicia, agora faino como funcionario no Concello de Lugo, o que lle permite certa independencia intelectual. Compaxina isto coa súa grande necesidade vital que é ceiba-las ideas e sentimentos que outros se encargaran de facer chegar a tódolos recunchos.

O seu percorrer polos vieiros da literatura iníciase coa poesía que cultivou, case que exclusivamente, ata os trinta e cinco anos. Anos que lle serviron de maduración para sufrir a metamorfose que lle permitiu aventurarse con éxito polo mundo da narrativa. Máis ás veces torna á obra poética, e faino, tal como el di: "*Porque a presión que exerce a poesía sobre min é moi potente, xa que existe un factor vital nela*".¹

A súa obra iníciase cos libros de poemas como Verbas a un irmao (Lugo, 1970) e Home en terra (Monforte, 1970), Romanceiro da Terra Cha (Vigo, 1973), Elexía nunha escuridade mortal (1974), Ábrelle a porta ó día (1981), Á fraga amurallada (1983), Amor e tempo liso (1988), Cinco lendas (1993) e Canta de cerca a morte (Premio Martín Códax 1994).

Na actualidade, como xa indicamos anteriormente, a narrativa é a súa principal forma de manifestación literaria entre as que figuran: Noticias dunha aldea (Vigo, 1973), Galván en Saor (Premio Xerais 1989), As aventuras de Breogán Folqueira (1990), Fortunato de Trasmundi (1990), O avión de Cangas (Finalista do Premio Merlín 1991), Cándido Branco

¹ Faro de Vigo do 22 de xaneiro de 1995.

(1992), *Cabaleiro negro* (1992), *Vidas senlleiras* (1992), *As viaxes do príncipe azul* (1993), *O milagre das estrelas* (1993), *O cervo na torre* (Premio Xerais 1994).

Tamén posúe merecida sona como tradutor polas súas versións galegas do *Cancioneiro* de Petrarca e *A Divina Comedia* de Dante. Por esta última recibiu a Medalla de Ouro da cidade de Florencia.

Sempre gusta coñecer dun escritor como vive o seu proceso de creación. Ante un interrogante semellante recollemos esta resposta: *"Escribo os poucos, por tempos, tanto a poesía como a prosa. Non son dos que fan un folio cada día. Eu penso sempre, pero escribo por rachas todo seguido, por un impulso imparable que me deixa derreado. O último libro refíxeno ata tres veces e foi como un parto tras nove meses de traballo".¹*



"Non imaxino un mundo sen libros, nin me imaxino a min mesmo sen escribir libros"

A súa relación escrita co noso contorno vese en lampexos na súa obra sobre todo en *O avión de Cangas* no que se recrea nas paisaxes e persoeiros coñecidos por todos nós e *Cinco lendas* onde introduce unha que prologa *"Como en Cangas queimou a Santa Inquisición a María Soliña dicindo que era meiga. Contado a maneira do grande poeta noso Celso Emilio Ferreiro"*. Máis a súa relación afectiva con Bueu vese reflectida no matrimonio con Amelia Otero Portela, natural de Beluso; que como el mesmo recoñece falando de *O cervo na torre*, Amelia é unha crítica activa con influencia no que *"non debería escribir e o que tería que substituír"*.

Desde aquí desexamos que o 'avión Belarmino' aterre máis dunha vez polas praias de Cangas pero que tamén se achegue ata Bueu onde o acolleremos con grande troula.

Gracias Darío

***Torre ergueita da chaira sen muro
que desde os amenceres de espírito
delouras mundos e imaxes ceibes
cal sementeira de home con futuro,***

¹ Suplemento 'Cultura' de *La Voz de Galicia* do 2 de marzo de 1995 páx. 5

